# A Buxaina

CEIP MANUEL MASDÍAS

Nº 25 - XUÑO 2009




Silvia Fernández Tojeiro - 5º

# A Buxaina

CEIP MANUEL MASDÍAS

Nº 25 - XUÑO 2009

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP MANUEL MASDÍAS

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA



# A Buxaina



# SOMOS OS NENOS E NENAS DE 3 ANOS



# SOMOS OS NENOS E NENAS DE 4 ANOS



# SOMOS OS NENOS E NENAS DE 4 ANOS



# SOMOS OS NENOS E NENAS DE 5 ANOS

































# XUNTOS/AS

## TALLERES





## EXCURSIÓNS





## CONTOS EN FAMILIA





OS NENOS E NENAS DE 3 ANOS TRABALLAMOS O CONTO E A CANCIÓN

# O POLO PEPE









3
O - POLO PEPE - COME - OS - GRANS – DE - MILLO
DAS - SÚAS - GRANDES - PATAS. - COMO - ME - RÍO!
POLO PEPE, - NON - COMAS - TANTO
QUE - TE - POS - MOI - MALIÑO
E - NON - DÁS - UN – SALTO.




PIO
PIO
PIO…




4
O - POLO PEPE CHAMA - A - SÚA - MAMÁ
E - VÉN - CACAREXANDO. - QUE - GRANDE - ESTÁ!
POLO PEPE - NON - COMAS - TANTO
QUE - TE - POS - MOI - MALIÑO,
E - NON - DÁS - UN – SALTO.

# TRABALLAMOS A LECTOESCRITURA

## COS CONTOS: “A POTA QUE TROTA”

ME GUSTÓ EL CUENTO









O REI TEN OURO

## CO XORNAL:



LOS PAPÁS ESTÁN HABLANDO.






LOS PAPÁS ESTÁN HABLANDO DEL PABELLÓN.



ESTÁN LOS PAPÁS DEL MANUEL MASDÍAS.

# COS DIARIOS:










FUI A VER LOS CAPUCHONES. FUI A ESQUIAR CON ESTRELLA.

FUN A VER OS CABALOS E OS CAPUCHÓNS.

# COAS CARTAS:



OLA PABLO.SON DANIEL.UN DÍA TE INVITO
A MI CASA A JUGAR.ATA LOGO.BICOS.DANIEL



OLA AINOHA. SON ICÍA.
VIENES A MI CASA A DORMIR.
Y VIENES A MI CASA A VER A NOA
Y A JUGAR.ATA PRONTO.BICOS.ICÍA



SAMANTA.
UN DÍA TE INVITO A DORMIR
A MI CASA Y TAMBIÉN A JUGAR.
ATA PRONTO.BICOS .SAMI



OLA ROSALíA. SON XIAO.
AYER FUN AO PARQUE. TE INVITO A CENAR
A MI CASA. ATA PRONTO. BICOS. XIAO



OLA SILVANA. SON EDGAR.
UN DÍA TE INV ITO A MI CASA A JUGAR.
ATA PRONTO. BICOS. EDGAR

# COAS ETIQUETAS:

BEBIDA




COMIDA




PRODUTOS DE HIXIENE PERSOAL




PRODUTOS DE LIMPEZA






ESTE ANO NO MANUEL MASDIAS

OS NENOS E NENAS DE 5 ANOS

FACEMOS BRUXERIAS

CUNHA POUCA MAXINACIÓN

FIXEMOS UNHA POCIÓN PARA LEVARMOS MELLOR

PUXEMOS UNHAS PINGAS DE LEDICIA

UNHA MOREA DE AMIZADE

ENGADIMOS A NOSA HUMILDADE.

EREMEXEMOS TODO CON ILUSIÓN



GÚSTANOS XOGAR ÁS ADIVINAS

É GRANDE. GRANDE
A SÚA COR É GRIS.
E UNA TROMPA O SEU NARIZ



DÚAS PINZAS TEÑO
CARA ATRÁS CAMIÑO.
DE MAR OU DE RÍO,
NA AUGA VIVO.



BONITA PLANTA
CUNHA FLOR
QUE XIRA E XIRA
BUSCANDO O SOL.




TRABALLAMOS COAS LETRAS
N m
NEVE
PEZ
P p
G g
GATO
M m
MARIPOSA
A a
ABELLA
OJO
O o

# APRENDEMOS MOITOS CONTOS
























# APRENDEMOS XOGOS COOPERATIVOS







¡QUE DIVERTIDO!















# ¡ATREVÉMONOS CON TODO!



















# AS ABELLAS NON PICAN SE ESTAMOS TRANQUILOS

Os nenos de primeiro e segundo fomos á Casa das Abellas, que está en Abegondo.

Foi o martes, cinco de maio, e fixemos a viaxe en autobús.

Aprendemos moitas cousas:

- A facer unha candea coa cera das abellas.
- Que se non houbese abellas sería todo pedras, porque polinizan as plantas.
- Como fan o mel.
- Os distintos tipos de abellas.
- E que se estamos tranquilos elas non nos pican. Ademais, se o fan, elas morren. Perden o aguillón.

Tamén probamos o mel de alí. Gustounos a case todos.

Pasámolo pipa. Deberiades ir.

## FICHA DAS ABELLAS:

- É invertebrado, porque non ten ósos.
- É un insecto. Ten 6 patas e o corpo divídese en: cabeza, tórax e abdome.
- É ovíparo, porque nacen de ovos.
- Son herbívoros, porque fan o mel co néctar das flores.






Proceso do mel
colle néctar e polen
O levan á colmena para facer mel e cera
primeiro quita a cera despois o mel.
mel
Envásase


Tipos de abellas
Raíña
Obreira
Zángano
Traballos das abellas
soldado
limpadora
collendo pole e néctar

# OS GNOMOS DE 1º

Este ano polo Entroido fomos disfrazados de gnomos, uns persoeiros moi curiosos. Imos contarvos algunhas cousas deles.
Os gnomos eran uns seres moi pequeniños, non medían máis de 15 centímetros.
Vestían con telas que facían eles, de pelo que lles caia aos animais do bosque. O máis importante para un gnomo era o seu gorro, que debía medir un mínimo de 5 centímetros.
Todos pensan que vivían no bosque, pero en realidade vivían no interior da terra. Eran os vixilantes das minas, en especial das de ouro e prata.
Ó principio só eran 5 gnomos:

- Gnomagux, era o mago
- Acuagnomo, o gnomo da auga
- Terragnomo, o gnomo da terra
- Fuegnomo, o gnomo do lume
- Airgnomo, o gnomo do aire

Un día quixeron xogar ó fútbol e Gnomagux fixo un feitizo; saíron un montón de gnomos.
Eran amigos todos os animais e loitaban contra todos aqueles que ían en contra da natureza, en especial dos Trols.
Para loitar tiñan moitos feitizos e segredos.
Tódolos segredos dos gnomos son gardados nun libro, o Codees Gnomagicum.



# ¿QUEN SOMOS NÓS?



Eu Noa Moreira.

Chámome Noa.

Son branquiña, alta, pordiña, flexible, traballadora, agarimosa e simpática.

Gústame xogar cos meus amigos, nadar, ir a praia, cantar, bailar e debuxar.

O meu amigo e Unai.

As miñas mellores amigas son Noa González, Tais, Yaiza, Jenny, Iri, Paula e Alba Garcia.

Teño unha irmá, chamase Antia.





Eu Yeri

Chámome Yeri

Son alta, morena, nin fraca nin gorda.

Gústame debuxar, cantar, bailar, xogar, ler.

Os meus mellores amigos Noa G, Tais, Irimia, Alba G, Laura, Paula e Noa M.





Eu Yaiza

Chámome Yaiza.

Son morena, nin alta nin baixa, delgada traballadora, simpática, cariñosa e mandona.

Gústame cantar, bailar, xogar e traballar.

Os meus mellores amigos e amigas son Paula, Laura, Andrea, Noa G, Alba G., Tais, Irimia, Unai, Michelle, Jesús, Pablo, Mirella, Yeni, Efrain, Bruno, Alba L. e Jonás.





Eu Jesús

Chámome Jesús

Son alto, moreno, forte, delgado, guapo, rápido...

Gústame o deporte, matemáticas, lingua, ler, a escola...

Os mellores amigos son Miguel, Bruno, Paulo, Yaiza, Álvaro 5º A, Álvaro 4º, Unai, Abraham, Moisés, Laura, Trai...




Eu Andrea
Chamome Andrea.
Son morena, alta, delgada,
elegante traballadora guapa...
Gustame xogar as bonecas ver a tele...
os mellores amigos e amigas son Bruno Paula
Jesus Albaa Irimia Noa e Alba L,
Michelle e Andrea e Tais Noa M
unai Mirella llenifer Laura


Eu Irimia
Chemome Irimia.
Son branca de pel e morena de cabelos,
baixa flexible, delgada guapa lista...
Gustame xogar, correr bailar cantar...
As miñas mellores amigas/os son Noa G,
Noa M, Tais, Alba Jenni Laura Paula Eduardo e Alonso.


Eu michelle
Chamome Michelle
Son trigueña, alta, delgada, elegante,
vaga e guapa.
Gustame ver a tele, xogar as
Barbie E As agachadas.
Os meus mellores amigo e amigas Son laura,
Unai, Noa G, Alba G, Irimia Tais,
Pablo, Jesus, Alba L, Andrea,
Bruno dopico Fernandez, Paula Rey pazos.


Eu Alba
Chàmome Alba.
Son loura, branquiña,
delgada, alta, elegante, vaga,
desobedente, simpatica...
Gustame xogar, correr, pintar,
comer, non traballar...
Os meus mellores amigos
son Laura e Jesus ALBA G
Iago.



Eu Laura

Chámome Laura.

Son trigeña, alta, delgada, elegante, vaga, lista, simpática, guapa...

Gústame cantar, bailar, debuxar, pintar e xogar.

As miñas mellores amigas son Alba L. / Alba G. e Andrea. Os meus mellores amigos son Unai, Pablo e Jesús.





Eu Pablo

Chámome Pablo

son alto, flaco, simpatico.

gústame montar en cabalo

Os meus amigos son Unai, Bruno, Paula, Yaiza, Lena, Quiro, Juanito, Marga, Olga, Noa M, Iago, Ruben, Tilde, Laura, Alba G, cristian, Lyna, Jorge, Oscar...





EU BRUNO

Chámome Bruno.

Son moreno, alto, delgado, elegante, traballador, agarimoso, simpático...

Gústame o fútbol, a natación, o tenis, facer traballos manuais coa miña nai, os animais...

Non teño ningún irmán.

Os mellores amigos son Paula, Jesús, Alba García e Unai.





SALVAR

Eu Paula

Chámome Paula.

Son branquiña, nin alta nin baixa, delgada, elegante, traballadora...

Gústame xogar ao fútbol, ir á praia, xogar cos meus curmáns, facer traballos manuais, ir en bicicleta, xogar cos meus amigos, os animais...

O meu mellor amigo é Bruno e a miña mellor amiga Alba García.



RESCATAR



Eu Unai

Chámame Unai.

Son regordete, traballador e branquiño.

Gústame nadar, debuxar, xogar, ir á praia, xogar á pilla pilla...

Os meus mellores amigos son Pabelo, Paula, Bruno, Laura, Michelle, Noa.M, Yaiza.





Eu Alba G.

Eu chámome Alba G.

Eu son morena, son alta e son guapa.

Gústame xogar ó escondite

Os meus mellores amigos son: Tais, Irimia, Noa G, Paula, Xenifer, Noa M e Laura.





EU Mirella.

Chame Mirella.

Son alta, guapa, morena.

Gústame xogar, pintar, ler.

As miñas mellores amigas son Alba e Tais





EU NOA.

Chámome Noa.

Son pelirrubia, branquiña, alta, fraca, flexible, cada vez máis traballadora, boa, caprichosa, creativa...

Gústame, pintar, patinar, bailar, debuxar.

Teño dous irmans: Lara e Alex.

As miñas mellores amigas son Tais, Irimia, Paula, Alba García, Jenifer e Noa Moreira.




Eu Tais

Chamome Tais.

Son morena, alta, fraca, elegante, discreta, traballadora, agarimosa, simpática, boa, flexible, divertida, lista, teimuda...

Gústame o ballet, cantar, bailar, nadar, debuxar, escalar, ver a tele, ler libros, xogar e ir os parques.

Teño un irmán, chamase Roi e ten dous anos.

As miñas mellores amigas son Noa González, Alba García, Paula, Noa Moreira, Iaimia e Jenni.

Os meus mellores amigos son Eloi e Marcos.



## Os/as traballadores/as do horto









# A casa encantada

Había unha vez unha xoaniña. Vivía nunha flor encantada. Tiña un amigo que se chamaba señor Rato. A xoaniña chamábase Florinda. Un día a flor encantada desapareceu. Florinda pediulle ó señor Rato se podía quedar na súa casa ata atopar a flor.

- ¡Claro! Non faltaba máis -dixo o señor Rato.

Ó día seguinte preguntáronlles a tódolos veciños. Un veciño, que se chamaba Ramón, díxolles que estaba tirada no río.

Foron collela, pero pesaba moito. Estaba enfadada porque Florinda non a deixaba durmir.

- Síntoo moito, perdón -díxolle Florinda.

E a flor levantouse e colocouse outra vez no seu sitio.

Conto colectivo



# O NADAL DE 3º

En Nadal, os nenos e as nenas de 3º cantamos unha canción moi cursi e gustounos máis a panxoliña rapeira de 6º.
A continuación ides ver as fotografías dos nenos cantores de terceiro.







# O ENTROIDO DE 3º



Empezamos o día tomando o vaso de sangue. A continuación puxemos os nosos mellores traxes para pasearmos por Caranza.

Antes de saír trabámoslles a uns cantos profesores no colo. Daquela algúns profes convertéronse e maléficos vampiros.

Como vedes, eramos unha clase moi maléfica.



## A FEIRA DO LIBRO

Os rapaces de segundo ciclo saímos á feira do libro, onde Ánxela Loureiro nos ensinou uns fermosos xogos populares, nos que todos participamos. Foi moi bonito.







¿ Quen ten o anel ?



# OS DEREITOS DA INFANCIA

Son dereitos que posúen os nenos, as nenas e adolescentes, polo simple feito de naceren. Son irrenunciables e imprescindibles para poder ter unha boa infancia.
Os/as alumnos/as de cuarto, no primeiro trimestre, estivemos traballando de diferentes xeitos o significado de dereitos, deberes, obrigacións, normas...
Arredor do tema dos dereitos da infancia realizamos debuxos que representan os que máis nos interesaron.

1. DEREITO Á EDUCACIÓN.
2. DEREITO A UNHA FAMILIA.
3. DEREITO Á ATENCIÓN DE SAÚDE PREFERENTE.
4. DEREITO A SER ESCOITADO/A.
5. DEREITO A TER UN NOME E UNHA NACIONALIDADE.
6. DEREITO A SER ALIMENTADO/A.
7. DEREITO A NON SER DISCRIMINADO/A OU MALTRATADO/A.
8. DEREITO A NON SER OBRIGADO/A A TRABALLAR.
9. DEREITO A XOGAR.




Dereito a unha familia
Non ser separado dos nosos pais


Dereito á atención de saúde preferente


Dereito a ser escoitado
¡DOUCHE A MIÑA QUENDA!
¡GRAZAS!


Dereito a ter un nome e unha nacionalidade
EU SON URUGUAIA
EU SON GALEGA


Dereito a ser alimentado
A min gústame a comida sa.
COMEDOR
VERDURA


Dereito a non ser discriminado ou maltratado
¡Vouche pegar!
¡Non tes dereito!!!


Dereito a non ser obrigado a traballar
¡Queremos descansar!
CARGA
DESCARGA
Non traballar nas cousas dos maiores


Dereito a Xogar.

# DESCRICIÓN DAS NOSAS MESTRAS E MESTRES

☞ **PILI**

Pili é a nosa titora. Dános case tódalas áreas: mates, coñecemento, plástica, lingua castelá e lingua galega. Pili é unha muller morena, alta, delgada, o seu pelo é entre castaño e laranxa, ten os ollos marrón clariño, usa gafas negras e brancas e ten un bonito sorriso. Tamén é moi boa, lista; ás veces ten mala uva porque nos portamos mal. Fala moito en galego e pode ser moi simpática cando está alegre.

☞ **XOSÉ LOIS**

Xosé Lois é o profesor de Educación Física, é o mellor atleta do colexio; a educación Física é a clase que máis nos gusta. É un home forte, deportista, delgado, alto, moreno, sempre viste chándal e tenis.
Nas súas clases facemos xogos, usamos zancos, cordas, chapas, balóns, aros e colchonetas.
Para celebrar a Semana das Letras Galegas organizou unha xornada de xogos populares e concursos de chave e carrilanas. Aos gañadores deulles unhas medallas moi "chulis". Todos queríamos gañar. ¡Xosé Lois é o mellor!

☞ **"TEACHER" XOÁN**

O " Teacher" é o noso profesor de inglés durante tres horas cada semana.
É un home fraco, alto, moreno, aínda que xa ten unhas poucas canas, os ollos marróns e usa gafas para ler e corrixir os exames. A el gústalle moito o inglés e dar clase de lingua castelá en sexto.
É moi bo, aínda que se enfada cando nos portamos mal na súa clase. Moitas veces facemos "dictation", pero o que máis nos gusta é xogar ó bingo.

☞ **MONTSE**

Montse é profesora de música e titora de segundo de Primaria no CEIP Manuel Masdías.
Ten o pelo liso, castaño, con mechas douradas, os ollos tamén marróns e usa lentes. É de mediana estatura e ten moito estilo ó vestir, sobre todo vaqueiros e chaquetas.
Durante a clase de música toca moi ben a frauta para ensinarnos a nós.
Os nenos e nenas de cuarto, como falamos tanto e facemos tanto balbordo, sempre a enfadamos. Parece que está "ata os pelos" de cuarto de Primaria.

☞ **LASTRA**

Lastra é o profesor de matemáticas en quinto, en cuarto dá atención educativa; tamén é o director do colexio. É un home alto, forte, guapo, canoso, cos ollos azuis e gafas.
Cando traballamos con el usamos ordenadores, vemos películas relacionadas con valores educativos e aprendemos o que son os diferentes tipos de discriminación.

☞ **Mª XOSÉ**

Mª Xosé é unha das mestras de apoio. Axúdalles aos nenos e nenas con algunha dificultade.
É moi alta, un pouco pálida, ten pencas e o pelo louro. Mª Xosé é moi intelixente e boa, aínda que tamén se enfada. Se está contenta co noso traballo déixanos xogar dez minutos ao que nos guste.

☞ **FLOR**

Flor é a mestra de relixión católica. Ten o pelo curto e moreno, case sempre leva pantalóns e zapatos baixos. Imos á súa clase os martes e alí facemos exercicios, fichas ou vemos vídeos. Ten algo de xenio se nos portamos mal, pero é boísima se nos portamos ben.

☞ **ROSA**

Rosa é a profesora de relixión evanxélica, clase onde aprendemos cousas de Deus. Ten o cabelo louro e liso, alta, delgada, os ollos marróns e este martes traía unha camiseta negra e unha chaqueta vermella que lle favorecían moito.
Na súa clase facemos moitas actividades de dibuxar, colorear, pegar, etc. Subimos con ela só cinco nenos e nenas pero, ás veces, ten que enfadarse polo noso comportamento; se non é así, é moi divertida.

☞ **CARMEN**

Carmen é a profesora de apoio para nenos e nenas de etnia xitana que teñan dificultades para aprender. É moi alta e morena, moitas veces ten frío e sonríe moito.
Na nosa clase axúdalles a algúns nenos e nenas nas áreas de matemáticas e linguas.

# O GALEGO E NÓS

## O GALEGO

O galego é un idioma precioso, moi bonito, lindísimo e todo o bo que se poida dicir. ¿Por que queredes que desapareza? Non tedes ningunha razón para facelo. Todos din "Galicia bilingüe", pero... se vós queredes que o galego desapareza xa non é bilingüe.
Pouca xente fala galego e moita castelán pero, ¿por que? Eu mesma respondo. Porque vostedes lles comestes o coco.
Eu diría que non fagades guerra polas linguas, porque elas están para falalas. Non as eliminedes. Aínda hai xente que as fala. A lingua galega, as súas palabras, foron inventadas polos nosos antepasados.
Michelle

## O GALEGO

Ola, chámome Omar. Teño dez anos. Gústame o galego un montón, pero cústame falalo. O galego existe pero hai que falalo máis para que non se vaia e quede con nós.
Omar

## O GALEGO NAS ESCOLAS

Ola, chámome Aarón. Gústame falar en galego. Teño dez anos. O galego está resistindo o ataque de certos grupos de persoas. O galego é moi forte, ninguén pode arrebatalo. Para que non morra o galego necesitamos que todos o falen.
Aarón

## O GALEGO NON É UNHA LINGUA MORTA

A xente pensa que dentro duns anos o galego vai ser unha lingua morta. Pois equivócanse. Se a falamos iso non pasará.
O galego é unha lingua forte, non é feble. E se o falamos, aínda podemos facer que sexa máis forte.
Ninguén quere que o galego desapareza. Só os ignorantes, os analfabetos e os que non soportan que non sexamos galegos domados.
Borja

## OS NOSOS PAIS E O GALEGO

Hai moitos anos o galego estaba prohibido, se o falabas ríanse de ti. Agora o galego non está prohibido. Se non hai falantes, o noso idioma desaparecerá. Algúns pais queren que non se fale en galego, pero nós, mestres e alumnos, impedimos que o galego desapareza.
Silvia

## O GALEGO TRAIZOADO

Vostedes din "Galicia bilingüe" para enganar ós cidadáns; pero non somos parvos, ¡polo menos eu pilleivos! Cando chegastes á cima xunto co galego tirástelo montaña abaixo.
¡Pero iso non vai ocorrer nunca máis porque o imos salvar! ¡Nós somos o airbag do galego!
Maite



## O GALEGO E OS FALANTES

Nós vivimos en Galicia. Temos unha lingua, o galego. Este idioma reflicte a cultura, a sociedade, a vida e moitas máis cousas.
Hai outros lugares como o País Vasco. Alí fálase éuscaro. E en Cataluña, o catalán. Neses lugares atópase xente que fala estes idiomas e non teñen problemas en utilizalo. Nós pasamos de todo, dános igual. No pobo galego hai unha porcentaxe moi alta de xente que fala o castelán.
Así e todo, somos uns "castellanitos". Os pais optan polo castelán na educación dos seus fillos porque din que é unha lingua de triunfo. ¿Non fracasan no ensino os que estudan en castelán?
O problema é que empezamos a desobedecer e...
Álvaro

## O GALEGO EN PERIGO

O galego é quizais o idioma máis bonito do mundo e necesita a túa axuda.
¿Lémbraste cando eras pequeno e necesitabas expresarte? Pois el sempre estivo aí, dando a opción de poder falar algo. ¿E como llo agradeces? Destruíndoo. ¡Vergoña che debería dar! Saben máis galego moitos dos que viñeron de fóra que os propios galego. ¡Intolerable!
Maite

## A LINGUA

A lingua é moi útil e por iso a falo. A miña lingua preferida é o galego porque é a lingua do meu país. Eu coas miñas amigas falo castelán, cos profesores e as profesoras falo galego e coa miña nai tamén.
Eu non quero que a miña lingua desapareza. Creo que o galego vai desaparecer, pero vou facer o posible para evitalo. Tampouco quero que desapareza o castelán.
Talía

# AS NOSAS COUSAS

## CAMPIÓNS

O Barcelona gañou tres copas. A primeira copa gañouna en Mestalla, contra o Bilbao. A segunda copa gañouna en Mallorca, contra o Mallorca. A terceira copa gañouna en Roma, contra o Manchester United.
O mérito foi dos xogadores e do adestrador. Os que máis xogaron foron Messi, Xavi, Iniesta, Eto´o, Henry, Toure Yayá, Puyol, Piqué, Alves, Abidal e Victor Valdés. Esa é a alineación habitual de Josep Guardiola, o adestrador.
Abraham

## OS XITANOS

Eu son xitana, chámome Esther. Teño dez anos. Eu fago o posible para mellorar o meu pobo: estudar, traballar e sacar boas notas. En Galicia hai poucos xitanos que se interesen por iso.
Vexo que os xitanos deste colexio, case todos, se comportan mal porque non traballan nin estudan. Cada vez traballan peor.
É urxente solucionar este problema. Temos que solucionalo os xitanos xunto cos mestres.
Esther

## A EXCURSIÓN A MADRID

Saímos o once de maio ás seis e media da mañá e chegamos a Madrid ás dúas e media da tarde.
Ese día pola tarde, logo de xantarmos, fomos ó museo "Raíña Sofía". Despois fómonos instalar no hotel, cear e durmir.
O día seguinte erguémonos cedo e botamos a mañá en "Faunia". Pola tarde visitamos o estadio "Santiago Bernabeu".
O trece de maio fomos a Toledo pola mañá e despois a Aranxuez, onde comemos. Pola tarde visitamos o "Palacio" e, á tardiña, regresamos a Madrid.
O derradeiro día tamén nos erguemos cedo e acudimos á "Warner Bross". Alí estivemos toda a mañá, comemos e ás cinco emprendemos a viaxe de regreso a Ferrol. Chegamos a Caranza á unha e media da mañá.
Gustounos moito esta excursión.
Paula


Na estación de Atocha


Na Warner Bross

# FLORISOLEIRA

Florisoleira é unha formiga que está na biblioteca. Si, Florisoleira é unha formiga, pero non é unha formiga calquera, non, é unha formiga moi especial. ¡É unha formiga mascota!

Florisoleira é de cores vivas, azul, amarela, vermella, verde...; é pequena e suave. As cores do seu abdome indican a intelixencia, simpatía e interese pola lectura que non teñen outras formigas.

Se ti vas á biblioteca e a atopas, descubrirás o ben que se pasa cando les. Xaora que tes que ler moito para conseguir que se che achegue.

Ela é a que nos pon os desafíos, nos sinala os libros e consegue que poidamos facer todo moito mellor. Vive todo o día e toda a noite na biblioteca, agardando por nós.




Talía

Alí está. Soíña, soíña. Temos que facer algo. Todos os nenos e as nenas temos que ir á biblioteca para facerlle compaña, pero caladiños, lendo libros de fantasía, terror ou buscando informacións para os nosos traballos.

¡Florisoleira, querémoste!

Esther, Maite, Michelle, Silvia, Talía e Verónica



Esther




Silvia




Maite




Michelle

# VIAXE A MADRID

## SAÍDA DE FIN DE PRIMARIA

Este ano os nenos e nenas de 6º e 5º fomos a Madrid, tivemos que madrugar moito, porque ás 6 e pico da mañá saímos do cole e chegamos ó noso destino sobre as dúas e media.
Nada máis chegar, fomos directos ó hotel, que era de dúas estrelas.
Durmín con Andrea, Javiera e Nerea, o problema é que había tres camas nunha habitación e moi separada unha cama soa, xuntamos tres camas e durmimos as catro nelas. Polas noites tiñamos medo a "Papá Pitufo".
O que máis me gustou foi ir á Warner, aínda que as máis atrevidas fomos Nerea e máis eu. Subín na montaña rusa de madeira , dúas veces sentada con Xabi, e unha con Jaime, que escondeu a escaiola para poder montar...
O que menos me gustou foi o museo Raíña Sofía, porque era moi aburrido.
En xeneral pasámolo moi ben.
Alexandra





## SAÍDA A MADRID

Fomos a Madrid de saída de fin de curso, saímos as sete da mañá e chegamos as dúas,a viaxe foi moi esgotadora e aburrida, só paramos tres veces: a primeira nun hotel,a segunda foi nunha gasolineira e a terceira nun pequeno restaurante-bar.
Cando ao fin chegamos a Madrid, deixamos as maletas e fomos ao museo Raíña Sofía, tamén fomos visitar a estación de Atocha.
O segundo día fomos a Faunia e para ir ao Santiago Bernabeu usamos o metro, onde lle roubaron a cámara fotográfica a Xabi. En Faunia e no Santiago Bernabeu compreilles os agasallos a miña nai e ao meu irmán.O terceiro día fomos a Toledo e ao Palacio de Aranxuez. Os catro días estivemos comendo ou ceando nun restaurante, tiñamos que comer dous pratos e ademais algunhas patacas eran verdes e non varrían o chan.
O cuarto día foi o mellor día porque o pasamos case todo o tempo na Warner e alí paseino fenomenal.
Andrea

## MADRID, A MELLOR EXCURSIÓN DO COLEXIO

Os nenos de quinto e nós fomos a Madrid o 11 de Maio de 2.009.
Saímos ás sete da mañá e chegamos a Madrid ás dúas e media da tarde, deixamos as maletas no hotel Mediodía e marchamos a comer.O primeiro día, estivemos no museo Raíña Sofía e case todos os cadros retrataban a xente espida, pero o mellor do museo foi o cadro Guernica pintado por Picasso.
Despois visitamos a estación da Atocha que tiña un xardín xigante dentro. Rematamos tan cansos que tivemos que ir directamente ao hotel e pola noite os nenos de quinto inventaron a "Papá pitufo" ``un monstro´´.
O segundo día fomos pola mañá a Faunia e vimos moitos animais e pola tarde ao Santiago Bernabeu en metro. No metro a Xabi, roubáronlle a cámara de fotos.
Esa noite as nenas da nosa clase dicíannos que tiñan medo.
Para almorzar dábannos un croissant e un bolo de pan cun pouco de leite.
O terceiro día marchamos a Toledo e alí había moitísimas navallas. Ese día tamén visitamos o Palacio Real de Aranxuez e a min interesoume moito. Para rematar demos un paseo ata a Porta do Sol e ata a Praza Maior.
Esa noite Alexandra non nós paraba de enviar chamadas perdidas.
O ultimo día estivemos na Warner pero ata as once e media non nós deixaban entrar nas atraccións. Á primeira que montamos foi no hotel embruxado e eu tiven medo e tiven que saír. Despois eu pillei un enfado porque vin que non podía subir ás atraccións co xeso e por iso estiven moi cabreado. Despois de comer montei en tres atraccións sen que me visen os encargados das atraccións. Logo todos fixemos as nosas compras na Warner e despois xa marchamos.
Saímos ás cinco e media da tarde e chegamos ao colexio á unha e media da mañá.
O que máis me gustou foi a Warner e o que menos o museo Raíña Sofía pero en xeneral paseino moi ben.
Jaime





## EXCURSIÓN A MADRID

Este ano os nenos e nenas de quinto e sexto fomos de excursión a Madrid, o traxecto foi de 7 horas aproximadamente. A viaxe foi esgotadora e toda a viaxe estivemos falando.Cando chegamos visitamos o Museo Raíña Sofía, o museo non me gustou porque xa estábamos cansos e ademais era moi aburrido.










A comida non era a mellor porque as patacas eran de cor verde, as croquetas sabían a sopa de fideos e os limpadores non limpaban, porque eu tirei unhas cantas luras ao chan e estiveron 4 días alí.
O que máis me gustou foi a Warner Bross.
No hotel eu durmía con Andrea, Nerea e Alexandra, como non podíamos durmir xuntamos as tres camas e durmimos as catro xuntiñas.
Cada día nos durmíamos a 2:30 da mañá, e a 1:10 sempre estábamos no balcón falando cos nenos.
Gustoume moito a excursión espero ir outra vez.
Javiera

## VIAXE A MADRID

Este ano a excursión de fin de curso foi a Madrid. A viaxe en bus foi moi aburrida, parecía que non ía rematar. Chegamos as 14:30 ao noso hotel despois de media hora baixamos a comer, ¡a comida era malísima!. Despois de comer visitamos o museo Raíña Sofía, onde vimos o Guernica. O día seguinte pola mañá a Faunia, e pola tarde fomos ao Santiago Bernabeu. O terceiro día pola mañá fomos a Toledo e pola tarde a Aranxuez .O último día foi o mellor porque fomos ao parque Warner. Paseino moi ben, excepto nas comidas que non sabían cociñar.
Se puidera volver, volvería.
Telmo

## ¡A MADRID!

Este ano por fin de curso fomos a Madrid. A viaxe durou 7 horas. Cando chegamos a Madrid fomos ao hotel. A nosa habitación era a 627 e alí durmíamos: Telmo, Xabi, Jaime, e eu. Ao lado estaban as nenas da miña clase.
O primeiro día estivemos no museo, ¡Foi un gran aburrimento!
O segundo día fomos a Faunia e pola tarde ao Santiago Bernabeu. Foi moi divertido e pasámolo moi ben. Alí puidemos mercar recordos.
O terceiro día visitamos Toledo e o Palacio Real de Aranxuez que gustounos moito.
Por último, o cuarto día fomos á Warner. Pasámolo en grande porque había atraccións que "molaban" moito.
¡Paseino moi, moi ben!
Francisco Javier

# NÓS E O MASDÍAS

## O MEU PASO POLO COLEXIO



Eu cheguei ao colexio en segundo curso e non tiña moitos amigos, pero co tempo fixen uns moi bos. Cando cheguei impresioneime porque tiña moita herba e árbores e no outro non.
Agora estou en sexto. O colexio é moi bonito, Tamén as clases son moi bonitas.
Agora estamos en fin de curso e algúns nenos pasan ao instituto e outros repiten
Neste colexio paseino moi ben.
Roxana

## O MEU PASO POLO MANUEL MASDÍAS

Eu estiven no colexio catro cursos e medio. Entrei na metade de terceiro, logo pasei para cuarto, logo para quinto e estiven dúas veces en sexto.
O que máis me gustou do colexio foron os concursos galegos e os xogos populares. E o que non me gustou nada foi a asignatura de inglés. Porque é difícil e porque non se me dá nada ben.
Dáme pena marchar do cole, porque botarei de menos aos profesores, porque foron moi cariñosos comigo, aos concursos de gañar premios e aos meus compañeiros.
Ángel

## O COLEXIO MANUEL MASDÍAS



Eu vin ao colexio en 2º de primaria e fíxenme moi amiga dos da clase. As miñas mellores amigas son Andrea, Nerea, Alexandra, Rebeca e Roxana; e de nenos, Telmo, Xabi e Jaime. Se algún repite dos meus mellores amigos daríame pena, porque levo moitos anos con eles.
O/a mellor profesor/a era Adela, que se foi en 4º, e Óscar, que é o noso titor.
Este colexio é o mellor que tiven e sempre o recordarei.
Javiera



## EU SON LÁZARO

Levo moito tempo no Manuel Masdías, levo desde 2º de primaria. Tiña seis anos e tiña moitos amigos e curmáns.
As miñas experiencias foron boas. Lembro cando estaba con Marga, con Adela e Teacher. Saquei moi boas notas. Repetín porque non tiña base.
Os meus mellores amigos son Sulami, Esther, Miriam, Diana, Betania, Noé... Sempre xogo con eles.
Non sei se repito ou non. Se repito eu quedo,se non repito vou ao Carballo Calero. Espero que aprobe para ir ao instituto.
Lázaro




## O MEU PASO POLO COLE

Só me queda un mes no colexio. A miña experiencia aquí foi moi boa; recordo as festas, excursións, compañeiros que xa non están, profesores/as como Adela, Óscar, Teacher... son todos profesores estupendos.
Levo dende os tres anos aquí e gustaríame estar algún tempo máis, aínda que tampouco me importa moito ir para o instituto, porque vexo outros compañeiros como Miriam, Yaiza... Tamén botaremos de menos aos nosos compañeiros de quinto, a maioría deles son moi graciosos.
Nerea



## EU PILAR

Chámome Pilar. Vivo en Caranza de sempre. Os meus irmáns chámanse Rubén e Tomás; as miñas irmás Alba, Ruth e María. Todos os meus irmáns e irmás viñeron ao Manuel Masdías.
Este ano é o meu último curso neste colexio. Teño moitas lembranzas: cando fun ao horto, cando estiven na clase de 5º, cando cantei e bailei nas festas, cando coñecín a Tamara, o primeiro día de clase...
Coñecín a moitas amigas: a Tamara, a Marcos , a Lázaro, a Ángel, a Michelle, a Maite, a Silvia ,a Paula... A todos e a todas estou encantada de coñecervos.
Pilar

## NO COLEXIO

O primeiro día que fun tiña un pouco de medo, pero ao final pasábao moi ben cos meus amigos. Logo fun pasando os cursos e en segundo viñeron xente nova como: Javiera, Roxana...
A nosa titora sempre fora Adela, que se foi en cuarto, e

fixémoslle unha festa na aula e todas as nenas choraramos e tamén algúns nenos. Cando pasei a quinto, o noso titor era Óscar e agora segue sendo; e vou botar de menos o colexio e todo o que fixemos.
ReBe

## VEÑO DO COLEXIO DE PAZOS

Non me gustou moito marchar do colexio porque alí deixei moitos amigos e amigas. Neste colexio atópome ben, porque os profesores e as profesoras trátanme ben. Cos compañeiros e as compañeiras non teño moito trato, a excepción de: Pilar, Marcos, Lázaro, Michelle e Maite.
Tamara



## ADEUS, COLE

Entrei no parvulario do Manuel Masdías aos tres anos, cos que agora son os meus amigos: Telmo, Jaime, Nerea, Alexandra, Rebeca... e algúns que viñeron máis tarde, como Andrea e Javiera. Fun pasando de curso en curso sen repetir, ata chegar a onde estou, en sexto. Estamos no terceiro trimestre a punto de pasar ao instituto, polo que me despido deste cole acordándome dos bos momentos que pasei. Adeus.
Xabier



## ÍMONOS

¡Ola! Chámome Marcos, teño 12 anos. Eu levo nove anos no centro e non repetín ningún curso.
O colexio é moi bonito, foi cambiando de cores, agora son moi divertidas e hai moitas árbores.
Tiven moitos profesores, unha delas foi Aurora, que me deu con tres anos. Logo, cando pasei para primeiro de primaria, foi Adela e estiven con ela ata cuarto. Neste último ciclo deume Óscar, que me aprendeu matemáticas e outras cousas. Todos os meus mestres portáronse ben comigo e eu con eles.
Os meus compañeiros case sempre foron os mesmos, algún repetiu como Lidia, David... e un de México; chamábase Víctor e era moi gracioso.
Algúns irán a outros institutos, algúns non os verei máis, pero a todos os botarei de menos.
O que máis me gusta son os xogos populares e lembro un día que fun con Adela comer un pastel polo seu aniversario.
Marcos





## FUTUROS ARTISTAS





## DEBUXAMOS OS NOSOS INSTRUMENTOS
























# MANIFESTO

En Galicia hai moitos xitanos e xitanas. Nós vivimos en Ferrol. A nosa situación actual é mala porque no é estable. O noso medio de vida é a venda ambulante, vender chatarra... aínda que agora empezamos a ter traballos mais perdurables como cociñeiro-a, zapateiro-a, pintor-a...

Socialmente en Ferrol estamos moi ben integrados coas persoas que nos rodean. No noso colexio levámonos ben cos compañeiros e na nosa rúa temos poucos problemas cos veciños. En xeral respéctannos nas distintas actividades que realizamos, como por exemplo ir ao mercado, no médico, nas paradas dos autobuses..., aínda que saibamos que non é xeral.

Nun futuro gustaríanos :

- Que non houbera pelexas.

- Que non nos discriminasen.

- Que houbese respecto e interese pola nosa cultura, tradicións e forma de ver a vida.

- Adoptar medidas que corrixan os prexuízos, estereotipos e o rexeitamento social.

- Compartir experiencias con todos e todas.

E para conseguir isto quero dar as miñas ideas:

-> Axudarlle á xente.

-> Saber pedir perdón.

-> Interesarme por coñecer a miña cultura e as miñas tradicións, e saber contárllela aos demais compartindo experiencias.

-> Mesturarme cos demais e axudar a vencer os estereotipos e o rexeitamento social.




Para rematar direi que o que queremos é: vivir todos xuntos e en paz.

SULAMITA SALAZAR RAMÍREZ - 30 de MAIO do 2009

# LETRAS GALEGAS 2009

## PROGRAMA

Semanas do 19 ao 29 de maio



Retrato de Ramón Piñeiro realizado por Antón Pulido
Fonte: Enciclopedia Galega Universal. Ir Indo Edicións

Existe un pensamento desde o momento en que existe unha lingua, unha cultura, un xeito de vivir e de contemplar o mundo.

**Ramón Piñeiro**

CEIP MANUEL MASDÍAS - FERROL

CEIP MANUEL MASDÍAS - FERROL

# LETRAS GALEGAS 2009

## PROGRAMA

Semanas do 19 ao 29 de maio

### Exposicións

· Ramón Piñeiro
· Portadas d'A Buxaina
· Dicionarios

### Proxeccións

· Olladas a Ramón Piñeiro
· A flor máis grande do mundo
· O Carrabouxo
· Rap

### Desafíos

· Palabras para a lingua
¿ Coñeeces o teu país?

### Clase maxistral

María Manuela e os/as nenos/as, debuxando a Florisoleira

Martes, 19 de maio

### IV Xornada de Xogos Populares

9:30 Proxeccións:
· Festa do Samaín - Magosto 2008
· Día da Paz
· III Xornada de Xogos Populares - Maio 2008
10:30 Percorrido de Xogos populares
12:30 Entrega de premios:
· Competicións da Chave e das Carrilanas
· Galego/a do ano (2º trimestre)
· Proxección Fin de festa

Martes, 26 de maio

### As Letras en familia

Actividades dirixidas a toda a comunidade:
16:30 Visitas ás exposicións
17:00 Proxección de vídeos
17:30 Actuación de MARÍA MANUELA



# EXPOSICIÓNS E CONCURSOS

## LETRAS GALEGAS 2009

### RAMÓN PIÑEIRO



Existe un pensamento desde o momento en que existe unha lingua, unha cultura, un xeito de vivir e de contemplar o mundo.

Ramón Piñeiro



EXPOSICIÓN

INICIO

CEIP MANUEL MASDÍAS
Caranza - Ferrol

CEIP MANUEL MASDÍAS

## CONCURSO DE PORTADAS D'A BUXAINA 2009




**Características:**
- Unha plana (A4) a toda cor ou branco e negro.
- Tema libre.
- O nome do/a autor/a e o grupo irán pola parte traseira.
- Non é necesario debuxar toda a portada, só o debuxo.
- Entregarllelas ós/ás titores/as ou na secretaría ata o xoves, 14 de maio.

## GALEG@ DO ANO 2007-08

| | |
|---|---|
| Infantil 3 anos | Xiao Ces Sedes |
| Infantil 4 anos | Joam Ferreiro Tobío |
| Infantil 5 anos | Samaria García Monteiro |
| Primaria 1º | Noa González Pérez |
| Primaria 2º | Alba Rueda Seoane |
| Primaria 3º | (deserto) |
| Primaria 4º | Álvaro Castiñeira Carro |
| Primaria 5º | Alexandra Castro Rodríguez |
| Primaria 6º | Vicente Zapatero Román |

FALA A TÚA LINGUA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP MANUEL MASDÍAS
EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

# PINTURA CON MARÍA MANUELA E LETRAS EN FAMILIA




Pintando a Florisoleira




Pintando un retrato de Esther




Mirando as exposicións




María Manuela e Xurxo actuando

# IV XORNADA DE XOGOS POPULARES

O martes, 18 de maio, celebrouse unha nova xornada de xogos populares.
Proxectáronse vídeos e fotos de anteriores festas: o Samaín, o día da Paz e o día dos Xogos populares do ano pasado.

O percorrido foi de 9 zonas de xogos polo que rotaban os distintos grupos de alumnos/as cos seus profesores e profesoras. Había zancos, peóns, carreiras de sacos, cordas, a chave, a ra, a petanca, o xogo das 4 esquinas…



Ó final foi a entrega de medallas da competición da Chave (4º-5º-6º) e das Carreiras de Carrilanas (1º-2º-3º).

## ESCALANDO NO MASDÍAS

Este curso no pavillón montamos un rocódromo (parede para escalar), semellando unha dura e escarpada montaña. Non é nada perigoso, pois a travesía faise en horizontal, polo que non cómpre ir asegurado, é pouca altura e tamén poñemos colchóns no chan.



Non é doado, mais tampouco é moi difícil, todo depende da vía que se escolla.

Tivo moi boa aceptación en todos os niveis, dende infantil ata os últimos cursos de primaria. Xa estamos pensando en amplialo.

## COMPETICIÓN DA CHAVE



Desputáronse no mes de maio unhas partidas de chave por cursos. Participaron 4º, 5º e 6º con eliminatorias moi entretidas. A clasificación quedou do seguinte xeito:

| | Campión/a | Subcampión/a |
|---|---|---|
| 4º | Diana | Miriam |
| 5º | Moisés | Abraham |
| 6º | Nerea | Xabi |

## CARREIRAS DE CARRILANAS

A Fórmula 1 chegou ao Masdías. Ao longo do curso houbo un par de competicións de carrilanas. Unha en novembro, na celebración do Samaín, e outra en maio, na semana das Letras Galegas. Os equipos están formados por parellas, piloto e copiloto, un conduce e o outro empurra. Había algunha curva perigosa, pero a habilidade dos participantes foi moi grande e non sufriron ningunha saída de pista.



















A Buxaina
CEIP MANUEL MASDÍAS
Nº 25 - XUÑO 2009

Adeus aos e ás que se van.
Ola ás e aos que chegan.

¡Boas vacacións
e ata o curso que vén!

# A Buxaina

Nº 25 - XUÑO 2009

CEIP MANUEL MASDÍAS



Ian Fernández Rey - 3 anos




Alba Rueda Seoane - 3º



Tamara Jiménez Jiménez - 6º



Ainhoa Abella López - 5 anos

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CEIP MANUEL MASDÍAS
EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA